

ESTACIÓN CIENTÍFICA DO COUREL

OBRADOIRO INTENSIVO

“Uso tradicional das plantas medicinais en Galicia: o exemplo do Caurel”

7-9 de Xuño de 2019

Docente: María Moure de Oteyza

XERALIDADES

Trátase dun obradoiro intensivo -impartido do venres á tarde ata o domingo á tarde- ca programación seguinte: 11 horas de teoría e 2 excursións, que constituirán as clases prácticas.

En relación á teoría, serán 4 horas de clase por día con media hora de lecer polo medio. A primeira hora de clase será de introducción e as 9 seguintes basearanse en fichas técnicas de 3 plantas medicinais por hora. A derradeira hora de clase, correspondente á clausura, destinarase a un coloquio final para atender as dúbidas, comentarios e preguntas dos asistentes.

Cada ficha técnica está baseada nunha planta medicinal común empregada en Galicia a nivel tradicional, tomando coma referencia as utilizadas na Serra de O Caurel. Trátase dun total de 30 plantas clasificadas por orde alfabética. De cada unha delas estudarase o seu uso, tanto o recollido pola Farmacopea oficial coma o tradicional. Tamén se estudarán as partes utilizadas e mais a preparación, así como as precaucións de uso e, no caso de que proceda, o seu significado máxico-medicinal, así coma refráns, lendas e cancións. Dito estudo completarase cos coñecimentos aportados polos asistentes. En principio e se non hai ningún alumno de fóra de Galicia, as clases serán en galego.

As clases prácticas consistirán en 2 excursións en horario de tarde: o sábado de 16:00h a 20:00h e o domingo, por ser o derradeiro día, a excursión será de 14:30h a 18:30h e xantaremos de camiño.

As rutas das excursións poderán elixirse entre as seguintes: un tramo do *Camiño Real* (Ferrería Nova-Ferreirós Dabaixo-Ferrería Nova), Un tramo da *Ruta do Río Pequeno* (Seoane-Complexo de Turismo Rural de O Mazo-Seoane) ou Seoane-Esperante-Seoane pola *Ruta da Ponte das Covas* pasando polo cámping de Seoane.

PROGRAMA DA TEORÍA

VENRES

De 16:00h a 17:00h:

Introducción: Definición, recollida, secado, conservación e modos de emprego das plantas medicinais.

De 17:00h a 18:00h:

Estudo de: *Allo*, *Arandeira* e *Árnica*.

De 18:00h a 18:30h: Descanso

De 18:30h a 19:30h:

Bardana, *Bidueiro* e *Capelexo* (embigo de Venus).

De 19:30h a 20:30h:

Chaveira (Eléboro), Cereixa de Corriola (froito de *Tamus communis* L.) e Ceridoña.

SÁBADO

De 10:00h a 11:00h:

Cola de Cabalo, Dente de León e Fiollo.

De 11:00h a 12:00h:

Hedra, Herba de Sete Costas (Llantén) e Malva.

De 12:00h a 12:30h: Descanso

De 12:30h a 13:30h:

Malvela (Hiedra terrestre), Nogueira e Ortiga.

De 13:30h a 14:30h:

Ourego, Pericón e Piorniña (Milenrama).

DOMINGO

De 10:00h a 11:00h:

Romeu, Ruda e Sabugueiro.

De 11:00h a 12:00h:

Seoane, Silva e Té (*Chenopodium ambrosioides* L.).

De 12:00h a 12:30h: Descanso

De 12:30h a 13:30h:

Violeta, Xanzá e Xarxa.

De 13:30h a 14:30h:

Coloquio final.